

**Jornades, simposis, cursos a Galicia (1999).** —**a)** III Encontros para a Normalización Lingüística (28/29-X-1999), organizados polo APNL da Ponencia de Lingua do Consello da Cultura Galega (Santiago de Compostela). **b)** Curso de Iniciación á Terminoloxía (18-XI-1999/10-XII-1999) organizado por TERMIGAL, servizo de terminoloxía da Real Academia Galega e do Centro Ramón Piñeiro. **c)** Simposio sobre o escritor e político Castelao (25/27-XI-1999), organizado polo Dpto. de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Univ. da Coruña. Historiadores, escritores, lingüistas e críticos literarios analizaron a obra desta figura emblemática do nacionalismo galego do s. XX. **d)** I Simposio Internacional das Linguas sen Estado: Francia e Italia (17/18-XII-99), organizado pola Univ. de Vigo e pola Mesa pola Normalización Lingüística (MNL). [F. F. R.]